

INFANCIA ENXEBRE  
CEIP PENA CORNEIRA  
ALUMNADO CEIP PENA CORNEIRA

Hoxe, 13 de marzo de 2023, son as dez da mañá e non falta ninguén ao CEIP Pena Corneira, xa quedaron atrás os virus de gripes e gastroenterites que pululaban polo centro. Orballa un pouco, pero está o día quente. As ovellas do Benito reciben a todos na porta do centro, esta tempada hai moitas crías e son tan riquiñas que da gusto velas.

As despedidas coas mamás e papás son agarimosas, unhas apertas e veña, xa soa a canción do profe Raúl, todas e todos para as clases. Os máis pequenos son os que peor o levan, despois da fin de semana sempre cae unha bágoa de despedida, pero ao momento xa pasa todo, os nenos e nenas mais maiores collen aos pequenos pola man e entón xa van máis ledos.

No cole somos familia, hai 42 nenos, maiores coidan de pequenos, os 7 profes coidan de todos, Jorge fai o xantar, Branca ten todo impecable e Noemí, Menchu e Arancha axudan no comedor. É un cole especial, non é porque sexa o noso, pero a relación entre todos e moi boa, o trato cos pais inmejorable e a atención aos nenos fantástica. Os nenos e nenas son de todos. No cole contamos cunhas instalacións envexables e temos unha carballeira enorme dentro do patio do recreo. Vivir nun concello pequeno do rural implica que todos nos coñecemos, as relacións cos familiares e cos veciños son estreitas e nas ocasións especiais do cole, en días sinalados, os nenos visitan aos maiores institucionalizados xa que tamén forman parte do noso rural.

Algún neno ou nena xa leva dende as oito da mañá no servizo de madrugadores e almorzan no colexio. Tamén quedan no servizo de Concilia pola tarde ata que os recollen os seus pais. Estes servizos son gratuítos e realizados polo Concello de Carballeda de Avia, o que facilita bastante a vida a moitos pais e nais que teñen horarios difíciles para conciliar.

Nos últimos anos recibimos a 6 nenos de Venezuela e 2 de México, que viñeron a vivir ao noso concello, axudando a aumentar un pouco a poboación. Guillermo, José, Salvatore, Mía, Nicolle, Iñaki, Santi e Matías. Todos eles forman parte da comunidade dende o primeiro día, están integradísimos na vida do noso orgulloso rural.

O CEIP Pena Corneira atópase no concello de Carballeda de Avia, que está situado na parte centro oriental da provincia de Ourense e pertence a comarca natural do Ribeiro. Somos 1300 veciños repartidos por 19 pobos. Estamos a 20 minutos de Ourense e temos Ribadavia, capital do Ribeiro, a 3 Km.

Filóns castrexos, presenza de romanos e suevos, loitas e disputas entre as casas nobiliarias ou señoriais (Condes de Ribadavia, de Lemos, Monterrey, etc.) revoltas irmandiñas contra o poder feudal e a destrución de fortalezas que eran o seu símbolo. Son terras que, poboadas dende hai moito, foron tamén dominio de diversos mosteiros (Celanova, Melón, Oseira...).

O Ribeiro está ligado historicamente á produción do viño grazas ás excelentes condicións climáticas da zona que favorecen a súa crianza. A configuración xeográfica resgarda as hectáreas de cultivo de temperaturas e ventos extremos evitando así o deterioro das uvas. Actualmente, o cultivo do viñedo rexurdiu con forza apostando polas variedades autóctonas que antano lle deron o seu renome mundial, entre as cales destaca a variedade de uva branca treixadura.

Contamos con tres rutas de sendeirismo deseñadas para coñecer e explorar a biodiversidade e o patrimonio deste concello: a Ruta dos Muíños de auga, que sae de Veronza, a Ruta dos Cabalos que chega ao Monte Faro no que hai cabalos salvaxes e un curro e a Ruta dos Bolos que termina en Faramontaos, en Pena Corneira, e que é facilmente visible desde calquera punto do val do Avia grazas a un gran bolo de pedra alargado e disposto en vertical. Este corno de pedra mide uns dez metros e parece a silueta dun unicornio. Pena Corneira é Monumento Natural.

A aldea de Muimenta está dentro do programa de Aldeas Modelo da Xunta e recentemente recibiu a visita do arquitecto David Chipperfield, que ven de gañar o premio Pritzker 2023 de arquitectura, considerado o máis importante de arquitectura a nivel mundial. El amosouse moi interesado en esta aldea coa idea de levar proxectos a cabo no lugar. Nesta lugar hai moitos hórreos ou canastros rehabilitados.

En Abelenda das Penas atopouse e recuperouse recentemente o xacemento romano da Domus Coto dos Mouros, un lugar do mais xeitoso e interesante para visitar. Tamén en Abelenda se atopa a aldea abandonada de Sariñas, un lugar máxico.

As agrupacións de hórreos son moi frecuentes nestas terras do Ribeiro e marcan a paixase da comarca. En Vilar de Condes atopamos un bo conxunto de hórreos no medio da aldea.

En definitiva, temos un concello con moita riqueza natural e cultural, con miles de recunchos nos que perderse, con xentes loitadoras, humildes e repetuosas, que valoran a vida no rural galego dende ben pequenos, e que se encargan de traspasar estes valores aos seus fillos e fillas. Solidarios e con saudade recibimos coas mans abertas a inmigrantes e visitantes, acolléndoos na comunidade dende o primeiro día.

A economía da zona está baseada no viño e nas canteiras de granito, axudada pola agricultura e gandería para autoconsumo.

Como se decía hai un tempo... Carballeda de Avia, onde a natureza é ocio e a pedra e o viño dan a vida.

Somos profundamente galegos e rurales, orgullosos das nosas raíces, orgullosos da nosa Galicia, das nosas aldeas, da nosa forma de vida e os nosos nenos e nenas teñen toda a capacidade posible de desenrolo persoal e profesional. Pouco a pouco imos asentando poboación nas nosas aldeas, teletraballo, volta de emigrantes, inmigrantes e xentiña que volve a vivir nos lugares da súa infancia enxebre, aínda que viaxen para ir traballar.

Os nenos criados en Carballeda, son libres, cercanos e saudables, manteñen contacto continuo coa natureza, son creativos e non son nada agresivos, saben compartir e teñen un sentido de pertenza moi forte. Valoran o que son, non votan de menos ningunha actividade e teñen todo o que necesitan ao alcance da súa man.

Diana de 11 anos, Hugo de 10 e Anxo de 4, viven en Abelenda, cos seus pais, Roberto e Noemí, e ao lado dos seus avós. Roberto é fontaneiro e Noemí axuda no comedor escolar. Forman unha familia moi unida. Con máis xente montaron hai uns anos unha explotación gandeira, chamada "O Tolo De Carracedo", que se atopa nos montes de Abelenda e está adicada a cría de cabras e vacas de forma extensiva, coas que se mantén limpo o monte de maleza para evitar incendios forestais, e tamén á venda de carne. O momento diario de visitar o monte é a felicidade total para Diana, Hugo e Anxo, que tolean ao coller os cabritiños e xogar con eles polos cercados. Un

momento maravilloso que non está ao alcance de calquera. Moitas veces van Aira e Jade con eles, xa que son veciñas, e disfrutan moito desa actividade.

En Faramontaos tamén vive Gabriel de cinco anos coa súa familia, pais e avós. Os seus pais Rebeca e David traballan nunha industria cárnica e nunha empresa de informática. Os seus avós adícanse a agricultura e gandería para autoconsumo. Gabriel será o próximo Touriñan do interior ourensán galego, un artista. Este neno disfruta como ninguén das labores típicas da agricultura e gandería da zona, axuda ao seu avó en todo o que pode coa ilusión máis grande do mundo. Este pequeno home vive o rural cen por cen e nos recreos do colexio é moi habitual velo xogar con Marco, Lucas, Iñaki, Izan, Ada, Eddie, Leonel e Daniela, e ensinarlle aos seus compañeiros as cousas do agro que aprende coa súa familia día a día.

Isabella de 10 anos e Gael de 8 son curmáns. A nai de Isabela, María, ten un negocio de manicura en Ribadavia, e o seu pai Roberto un bar en Carballeda. O pai de Gael, Diego, ten una adega cuns viños moi ben elaborados e a súa nai Anaís traballa nunha industria cárnica. Xunto con Kevin de 8 anos e o seu irmán Hugo de 6 sempre van paseando ata a zona dos Muíños de Veronza, ao ladiño de Carballeda. Os pais de Kevin e Hugo, Paula e Rubén, non son da zona pero apostaron polo rural e viñeron a vivir a Carballeda dende Vigo polas condicións tan favorables que atoparon aquí. Ela traballa como persoal de limpeza e Rubén nunha adega. Sempre quedan con Maia de 9 anos, e veciña de Veronza, que vive coa súa nai e os seus irmáns. Sonia, a nai de Maia, é enfermeira e desprázase diariamente a Vigo a traballar pero apostou polo rural para educar aos seus fillos. Todos xuntos xogan ás escondidas, ou ao que xurda. Nesa paraxe máxica dos muíños, poden estar horas e horas e nunca se aburren do lugar. Sempre se acercan mais nenos como Diana Casas, Diana de Jesús, Alex, Adrián, Juan, Xavi, Xon, Santi, Matías e Marta para acompañalos nos seus xogos. No verán hai una zona na que se bañan no río, ao lado dun muíño na que a auga está moi fresquiña.

Sabela de 5 anos vive nas Fermosas, una pequena aldea da zona con mais altitude do concello. No inverno algún día neva. A súa nai, Jannet traballa no concello e o seu pai Roberto nunha fábrica de pezas de avións e tamén se adica á agricultura e gandería nas Fermosas. Teñen moitos animais pero dos que está mais orgullosa Sabela é de Palma e Habanera, dúas eguas preciosas coas que sae cos seus pais de paseo polos camiños da Serra do Faro.

As mellizas Elena e Valentina, de 8 anos, viven na Costeira cos seus pais Saúl e Magdalena, que son funcionarios e traballan en Vigo pero decidiron volver ao rural despois de pasar uns anos fora de Galicia polo traballo. Magdalena creceu na Costeira e contaxiou a Saúl o seu soño de vivir nunha casa na súa aldea e continuar coa tradición familiar de coidar as viñas e a horta. Fai uns anos rehabilitaron unha vivenda e alí viven rodeados de monte, natureza e animais. A estas nenas encántalles ir coas súas cadelas Marli e Mini pola ruta de sendeirismo de Pena Corneira e pola do Monte Faro, onde hai cabalos salvaxes. Nunha ocasión os seus pais viron cinco lobos nesa serra, unha experiencia inolvidable para eles.

Cerca da aldea de Beiro vive Abdoulaye de 11 anos coa súa nai Noemí. Ela traballa nun obradoiro de emprego e nas viñas polas tardes. Este neno sempre se despraza en bicicleta a Carballeda para vir xogar cos seus compañeiros de andainas. No adro da Igrexa de San Miguel, na alameda ou no campo do Lodairo, espéranos Nico, José, Guillermo, Álvaro, Nicolle, Mía, Alicia, Teo e Santi. Todos xuntos pasan as tardes e as fins de semana xogando ao fútbol ou argallando alguna trasnada para facerlle aos veciños.

Este é o vivir no noso rural do interior de Galicia. É tempo de afrontar os retos que xurden e romper con calquera tipo de exclusión social, económica ou cultural, aproveitar os recursos do medio natural que temos e comprometerse coa infancia nas zonas rurais con cambios lexislativos, creatividade nas propostas e políticas de participación.